


AMPLISIMOS APARCAMIENTOS



Calidad de buena alimentación

Le esperamos en:  
BUEU - frente a Plaza de Abastos

Días 24 e 25 de Agosto/91



## ¿DIVERTIMENTO OU DIVERTICIÓN?

Cando empeces a ler isto que segue, seguramente estés xa canso de pasar follas de propaganda e se cadra a cambio de algo que xulgás que tanto ten ou que non che ten tanto, e en efecto poida que así sexa. Non son poucos os que piensan que tanta festa como hai que manter en Cela xa mellor sería reducillas, buscar solucións coma a da cuota fixa ou mesmo deixalas ir indo, se así non faltarán sitios onde ir mata-la craba.

O cómo será depende de todos nós, pero se ven cómo foi igual chegamos a comprender mellor o fenómeno festivo na nosa parroquia vendo se condicións semellantes seguen a darse hoxe en día. O importante é sinalar que as que son festas parroquiais hoxe (Corpus Christi, Patrona, San Roque, Carme e Mozos) non todas se deron á vez e só moi modernamente coincidiron no tempo. En efecto, unha festa como unha feira ou outra manifestación popular nace como resposta a unha necesidade que ó home se lle presenta nun momento dado.

A historia das nosas festas está íntimamente ligada ó templo, á cabeza da feligresía: as primeiras nacen por devoción e promesas ó santo ou santa que nel se veneran, por tanto dun sentimento íntimo que se fai compartido no momento da celebración conxunta. Só así se explica a aparición da primeira festa, a adicada á titular, á nosa Patrona Santa María na súa advocación da Asunción, que xa aparece documentada polo ano 1.600, pero que de feito xa se viña facendo séculos antes posiblemente dende a fundación parroquial, consistente na celebración dunha Misa Maior ou Solemne e o acompañamento dun gaiteiro na procesión. Ademais parece ser que a que hoxe é a irmá proba das festas, chegou a ter unha pequena romería na súa honra na antiga Devesa do Rei, actual Devesanova (Romería da Asunción) ocupando unha extensión algo maior que hoxe se conserva como baldío.

Outra proba das orixes devocionais témtola no feito de que non haberá outra festa que a da Patrona ata as fundacións das Cofradías na nosa igrexa, nas que, cos seus maiordomos ó frente, intentarán organizar outras semellantes para así honraren ó santo cofrade, patrón de cada unha delas. Por iso cada festa era feita polos "do ramo", é decir, polos seus cofrades e un adiantado deles ou maiordomo comprometidos na celebración festiva no día do santo dende as propias constitucións fundacionais. Así temos que xa dende 1.626 nun dos Domingos de novembro celebrábase o día do Rosario, polo 1.665 empezouse a celebrar tamén outra en honor de San Pedro Telmo, patrón dos navegantes e mesmo a San Roque ó redor de 1.671. A

Construcciones



*Celso Estévez González*

Teléfono: 32 20 59 - CELA - BUEU

*NABOS HAI EN LUGO  
GRELOS EN COMPOSTELA  
PERO O MELLOR LUJO,  
O TINTAFEMIA DE CELA*

última en aparecer como froito dunha fundación cofradial foi a San Antonio de Padua no ano 1.763.

Nestes días celebráronse Misa Maior con procesión ó redor da igrexa, á que asistían un ou varios gaiteiros e na que se queimaban toda a cera acumulada durante o ano froito das ofrezas que o paisano daba en especias, traducidas logo en cartos para a irmandade. De Todas elas acabarán por callar só tres á desaparición das cofradías: a de Corpus Christi, a de San Roque e o Carme en sustitución de San Pedro Telmo.

Caso especial reviste o da festa dos Mozos, que se ben é a más nova de todas (fins do século XIX) tampoco queda exenta dese carácter devocional, pois aínda que nacera da mistade dun grupo de compañeiros que cantaban as navidades e os reis, non tardarán en buscarlle protectora: e se che digo a verdade non sei cal foi, pois se llo preguntamos á xente, todos coinciden en que foi a virxe dos Dolores, pero se vexo a imaxe que sacan os mozos na procesión non é a das Dorés, por iso, o único claro é que a parroquia ten a imaxe dunha virxe por outra. (aínda que non é o único caso).

A xente más vella di que a verdadeira Dolores é a do manto negro que está nun dos dos retablos colaterais sendo a que sacaban en procesión os mozos, pero polo seu deterioro dexouse de facer polos anos vinte traendo outra para o seu sitio que é a que actualmente se saca, mais non é unha Dolorosa senón unha virxe de Soledá ou da Soidade.

Da casualidade que nosa igrexa non se atopa rexistrada nin mencionada ningunha virxe Dolorosa, pero sí da Soledad, o que nos leva a pensar que a actual Dolorosa de manto negro non é outra que a adaptación da antiga virxe do Rosario, patrona da cofradía do seu nome e que por iso hoxe non existe como tal ó contrario do que ocorre coas imaxes dos santos das antigas cofradías que sí están. Non deixá de ser unha hipótese pero do que non hai dúbida é que a xente non é consciente da confusión e por algo será. No abstante, a inconsciente confusión existente entre advocación festiva e imaxe xa vén de antigo, senón escoitemos ó noso anterior párroco don Xosé que no ano 1.957 escribía:

"Regalo de un estandarte para la Virgen de la Soledad y cuya fiesta mal llamada de la Virgen de los Dolores se celebra el último Domingo de Agosto, que suele ser la fiesta de la Juventud de Cela".

En realidade, poida que a confusión non sexa tal se pensamos que a Virxe da Soidade é unha das representacións dun dos sete misterios dolorosos que padeceu a Virxen Dolorosa, por algo esta última é a Virxe das sete espadas, das sete dores: María, a Virxe, sentiu dor ante a cruz onde seu fillo estaba clavado e asimesmo quedou "soa" ó morrerelle o seu unixénito coma "soa" se quedara cando

## Decoraciones

# CRUJEIRAS



- ESCAYOLA - PINTURA - CORCHO - MOQUETAS

C/. Pousada, n.º 13-A  
Teléfs.: 32 05 49 - 70 20 98

CELA - BUEU

## ALFREDO GARCIA CASTRO

ALMACÉNES DE MATERIALES  
DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO  
EN CALLE RAMON BARES, 72



Balado, 26  
Teléfono. 32 01 25

BUEU

de nemo fora ó templo de Xerusalén sen ela sabelo, preludio do que virá despois. Sintomática é a representación dese estado afectivo e anímico das persoas namoradas, dos mozos, ¿acaso non é un corazón traspasado?

Mención aparte merecen as outras festas celebradas nas aldeas e lugares desta feligresía que xa non teñen ese carácter parroquial. Así temo-lo festa da "Virxe do Portal" (Virxe dos Remedios) na Plaza do Torrón, aldea do mesmo nome e lugar de Castiñáns, con Misa Maior e procesión ó Cruceiro do Carballal. Ata hai pouco tempo celebrábase allí mesmo unha festa na honra de San Antón por se-lo patrón cofrade e santo titular da capela que leva o seu nome na Casa-Granxa do Placer.

A "festa de Resille" no lugar do mesmo nome, instituída nos últimos anos con grande forza en honor de San Xoan e popularmente coñecida como "festa dos Vellos".

Desaparecidas xa como tales estaban a estival "festa da Barraca" única carente de calquera liturxia e feita en torno a aldea do Viso de Cela, e maila "festa-romería de San Lorenzo" celebrada cada dez de agosto en torno á ermita do seu nome en montes igualmente desta feligresía.

Este é o panorama festivo a grandes rasgos ata hoxe, non sei que che parecerá.

-¿E pensas que a parroquia pode manter tal cantidá de festas?

-Home, a roubar paréceme que non imos, iso que che temos tantas coma no pueblo.

-Pero, hai que ve-los cartos que se deben moer no verán coa temporada alta.

-Cartos que a parroquia dá e que gastados cson naquilo pro que foron dados, non deben ser chorados. Con tal motivo inda muitas casas conocen o día, senón chegan esas fechas e parece que nin Domingo se fai.

-¡Miral ái te-lo loureiro, vai ser millor que deixes o coche na fonte pois non vexo sitio pola carretera diante.

-Sí vou facelo así. Métele o seguro á porta e imos ver qué dan.

O entrar polo quinteriro un can comenzou a dá-las horas debaixo dunha viña pero ó pasar por el, meteu o rabo entre as pernas e foise pra eira.

-Vaia can de respeito que tes, boas tardes.

-Buenas. O can é bó, o que pasa é que xa sabe con quen trata. Alí como o vedes é unha boca máis. Sentaivos e ídelle facendo a cama, aquí tendes.

-Trainos unha taza, pero do bo.

O outro foi direito a unha das medias pipas que allí tiña, sacou unha taza e doulla ó meu compañoiro. El cheirouna, abaneouna pra

CAFETERIA - PUB

*Minerva*

PONTEVEDRA  
SEIXO - MARIN  
Teléf.: 70 24 23

CONFECCIONES


Montero Ríos, 215  
Eduardo Vicenti, 13  
Teléf.: 32 00 53 - BUEU

PARRILLADA  
SAN JOSE



Teléfono 32 15 00  
CELA - CASTRELOS  
(BUEU)

JOSÉ  
PARADA  
TALLER - REPARACIÓN  
DEL AUTOMÓVIL



Teléfono: 70 23 23  
ARDAN - MOLEDO  
MARIN - PONTEVEDRA

velo traballar e logo bebeu un pequeno trago.

-¿Qué é ou non é?

Pode pasar.

-¿Cómo que pode pasar? é o millor da abodega. ¿Ti que dis?

-Home, non é por mal pero parece que sabe algo ó querbado.

Querbado tes ti o seu da boca. Vai ensagualo e despois fala.

¿Menos lería e más viñol! -díclan por atrás.

-Agora veño con outro, esperade un pouco, haber se ese faivos tilín.

-¡Oel seguindo co que viñamos falando no coche... , ¿non che parece que cambiou a forma de diversión dos mozos?, agora más ben son as discotecas que as festas.

-Algo así, pero tamén hai que ter en conta a evolución que levou isto en canto á consideración do mozo e de sair. Hasta ben pouco, aquí entre nós, había dúas mocedades: a dos rapaces que empezaban e a dos verdadeiros mozos, xentiña xa de vinte e pico de anos.

-E logo, cómo era iso.

-En Cela, como no resto, a mocedad ós homes chegáballa antes que ás mulleres. E así un home ós quince xa salía da casa, máxime se traballaba, mentres que ela tiña que esperar algo máis. Os dous eran mozos pero a diferencia estaba no grao de liberdade.

-¿Cómo facían os dous pra rompe-lo cascarón?

-Elas empezaban por buscar xente da súa quinta pero na que tiña que haber unha más bella, solteira, da confianza dos pais e da aldea, que era quen as gardaba. Tiña plenos poderes pro que fixera falta, mesmo pra un lapaso ou pra prohibirlle beillar con aqueles mozos que que ela miraba que non debía. Tiñan que traerlas como as levaran, había medo ó malo. No caso deles, xa andaban en bandas nas que se funcionaba en grupos más reducidos onde había o gallito que acostumaba a se-lo más vello e experimentado. Entre os dous grupos non había comunicación que digamos.

-¿As primeiras relacións facíanas en grupo ou solos?

-Empezaban xuntos: o grupo das mulleres por un lado e o dos homes, xuntos noutro lado do eirado. Logo buscábanse pretestos e coartadas dos que salían os primeiros bailes. Era típico "face-las paradas", era o momento delas.

Na festa dos Mozos sobre todo, xuntábanse mozos e mozas a falar e conocerse nunha especie de ligue moi particular: as paradas facíanse nunha taberna ou nun circundado próximo ó eirado onde se sentaban e á que acudían elas con rosca e eles puñan o viño. Daquí salían as primeiras amistades.

-¿E os mozos, mozos deverdá?

-Os do Servicio cumplido na súa soltería montaban farras, aparte de que eran os que tiñan que face-la Festa dos Mozos... .

OS FOGUETES DESTA FESTA,  
SON DE PIROTECNIA

## "A GOULLA"

REPRESENTANTE MOLDES

Teléfono: 84 38 39  
CAMPAÑÓ

RIVEIRO - PONTEVEDRA



Talleres ABAL

MOTOS DERBY - FUERA - BORDAS MERCURY  
BICICLETAS

FRANCISCO ESCONIO, 15 - BUEU

-Haber agora este que tal vos vai. E doutra media pipa.  
-Este non é o que nos dou ó chegar. Parece algo millor. . . -o bocoi. . . non o viño.

-Así fanse os homes, a bordo. Vai traendo outras dúas con algo que por aí teñan e déixame acaba-lo conto.

Estes mozos más grandiños facían "xuntas", sí, non mires para min, pandillas de mozos e mozas do lugar ou da aldea pra acudir ás festas das parroquias veciñas en forma de parrandas. Así había as xuntas de Castrelo, Sabarigo, Friande. . . O bonito delas era que ese grande acompañamento de homes e mulleres tanto á ida como á volta viñan cantando e tocando pandereitadas e logo unhas esperábanse a outras nas encrucilladas como a famosa de Amieiro e allí competían na arte de parranda.

Inda que o fundamento das xuntas érache outro: a enemistade coas mocedades doutras parroquias obligaba a xuntarse para millor defenderse. Sabe Dios as tundas e palizas que se teñer dado e por iso solo non se podía andar, de aí que hubera costumbres coma os de pagar baldes de viño ós mozos da parroquia veciña para así poder entrar en relacións coa mocidade dallí. Ademais os das xuntas á hora de organiza-la festa dos mozos conocían todo o protocolo no día sinalado: no pasacalles da mañan para la banda nos cruces dos camiños e diante da casa dos maiordomos, o acompañamento das mocedades, decí-las Vivas millor co do ano anterior, da-lo primeiro valde de viño ás rosquilleiras e ós puestos, te-los lazos a punto, organiza-la procesión e cousas destas.

Dispois tíñanche outras, sen necesidá de ir fóra, coma as atacadas un pouco más fortes cando aparecían problemas cos cartos, ou dunhas comisións con outras polo asunto dos cartos sobrantes. Nunha destas medio apareceu unha letrilla daquela. . .

-Oes, podías botala aquí, pola sequedá que non sea.  
Non sei se me acordarei muito, pero al vai:

I  
Erase nunha dos Mozos  
na parroquia de Cela,  
cando dúas das comisións  
decidiron face-la guerra.

II  
No ferrador que chos dei  
no ferrador non mos deche  
haber cómo é o conto  
que o bote non che aparece.

III  
Como os asuntos da festa  
eran naqueles tempiños

## Comercial **CALDAS**

Saneamientos y  
Materiales de  
Construcción

ACCESO GRUPO ESCOLAR  
C/ Pazos Fontenla, 70  
Teléfs.: 32 07 50 - 32 06 22  
BUEU

## **NAUTICA DORNA, S.L.**



C/ Eduardo Vincenti, 3  
Teléf.: (986) 32 04 60  
Fax.: 32 04 34  
BUEU (Pontevedra)

## **Caja de Pontevedra**

*Caja Amiga*

EDUARDO VINCENTI, 6 - BUEU



cousas dos nosos veciños,  
¿onde van eses cartiños?

IV

Uns que as contas non daban  
outros que eles non foran  
todas persoas honradas  
e agora ningunha elles boa

V

Vendo que non se arranchaba  
húboche cita no eirado  
qué millor sitio pra festa  
qué ganas de caldeirada

VI

Algúns, huevos con torresmos  
outros, fanecas con pingo,  
todos picaban con fame  
todo "curaban" con viño.

VII

Xa polo releixo adiante  
todos parecen liscansos  
a qué viñemos hoxe aquí  
senón a buscar tripanzo.

VIII

Dous sentados enfrente:  
o da entrante e o da saliente  
veñan os cartos na mesa  
veña que non se vos sinta.

IX

¡Me cago en diola e nos santos!  
¡chis! que está o cura diante,  
ten que perdonar don José...  
nada, non es ti o falante.

X

Tíñache eu a razón  
tíñala tamén daquela  
no ferrador que llos dei  
e el que nuca aparecera.

-E estas eran alguhas das que faciamos daquela. Como ves  
había pra todos os gustos, mozos daquela, homes de hoxe.  
-Sí señor: amiguiños sí, pero a vaquiña sólo que vale, Pepe.  
-Pois segün, iso, aquí que vete por fóra, o noso amigo non  
debeu encher ben as tazas.

GRUPO "LA SUIZA"  
**"LA SUIZA"**

Seguros

JOSE A. GARCIA GRAÑA

OFICINA COMERCIAL PROVINCIAL

Puerta del Sol, 7-5.º planta

Teléfono: (986) 43 43 11

36202 VIGO


Pousada, 1

CELA - BUEU

Teléfono: (986) 32 22 16

# Carnicería ENRIQUE

CARNES FRESCAS DE:  
TERNERA - CERDO Y POLLO



TELÉFONOS:

32 26 13

32 26 44

CELA - TORRE  
BUEU